FICHA DA ACCIÓN

Entidades promotoras: Concello de Santiago de Compostela e Axencia Galega de Turismo.

Secretaría técnica: Correveydile S.C.

Obxecto: Mercado de Produtos Navideños na Praza da Quintana de Santiago de Compostela.

Potenciais participantes: Artesáns, produtores e comerciantes con capacidade para exhibir e vender os seus produtos, pezas e coleccións de decoración e produtos de Nadal.

Datas de celebración: Do venres 12 de decembro do 2014 ao luns 5 de xaneiro do 2015, ambos incluídos.

Horario:

de luns a venres: de 11h. a 15h. e de 17h. a 21h.

sábados e domingos: de 11h. a 21h. (Horario ininterrompido)

24 de decembro: de 11h. a 19h. (Horario ininterrompido)

25 de decembro: de 18h. a 21h.

31 de decembro: de 11h. a 19h. (Horario ininterrompido)

1 de xaneiro: de 18h. a 21h.

5 de xaneiro: de 11h a 21h. (Horario ininterrompido)

BASES DE PARTICIPACIÓN

1. A iniciativa e as súas características

O Concello de Santiago de Compostela e a Axencia Galega de Turismo organizan a 1ª Edición do ***Mercado da Quintana*** de Santiago de Compostela que se celebrará do día 12 de decembro do 2014 ao día 5 de xaneiro do 2015 na Praza da Quintana.

2. Preinscricións

Para participar como expositores no ***Mercado da Quintana*** os candidatos deben ler atentamente as seguintes bases.

2.1 Cubrindo e enviando o **FORMULARIO DE PREINSRICIÓN** confirmarás o teu interese en ser expositor no ***Mercado da Quintana***, así como a túa conformidade coas condicións que dende a Organizació desglosamos a continuación, comprometéndote a respectalas no caso de que sexas elixido.

2.2 Con todas as preinscricións recibidas elaborarase unha selección a través da cal se conformará o listado definitivo de expositores para os diferente bloques de días. Nesta selección de participantes, a Organización terá en conta, entre outros factores, os seguintes criterios:

- A calidade, materias primas, innovación e acabado dos produtos
- A idoneidade e carácter navideño das pezas
- O matiz artesanal e diferencial das colecciónns
- A heteroxeneidade na selección final de participantes de cada bloque de días
- O feito de ser marcas con produción propia e realizada en Galicia
- A procedencia e lugar de residencia dos expositores

2.3 Os candidatos preinscritos que non resulten elixidos nunha primeira selección pasarán a formar parte dunha lista de agarda a través da cal poderán ser convocados a participar, se así o desexan, no caso de que houbera algunha baixa ou cancelación no listado orixinal de seleccionados de cada un dos bloques de días.

3. Condicións da participación

3.1 Establécense cinco bloques de cinco xornadas para os que os potenciais expositores poderán presentar a súa candidatura desglosando os produtos, pezas e colecciónns que pretenden achegar ao mercado. Os expositores poderán solicitar praza para un, varios, ou todos os bloques de días, adxudicándoselles espazo en función da dispoñibilidade de postos e das propostas recibidas, nun intento sempre, de que en cada bloque de días haxa a maior diversidade posible de pezas e produtos á disposición dos visitantes do ***Mercado***.

3.2 O ***Mercado da Quintana*** será de **carácter gratuito** para expositores e visitantes, aínda que os comerciantes, artesáns e produtores que queiran exhibir e vender as súas pezas e produtos deberán pagar unha **fianza** e preinscribirse para solicitar a súa participación.

3.3 **A fianza establécese en 250€ (ive incluido)** que será ingresada na conta bancaria que a Organización facilite aos expositores seleccionados como reserva de espazo, así como polo préstamo e coidado do espazo e mobiliario cedido. Esta fianza será devolta ao expositor, unha vez rematada a súa participación no ***Mercado,*** e sempre que non se producira a cancelación da súa participación (xa sexa esta producida por vontade propia, incompatibilidade, imprevistos, urxencias ou causas de forza maior sobrevidas ao expositor) así como tampouco lle será devolta no caso de que producise danos, desperfectos ou perdas no seu propio espazo ou mobiliario, no espazo e/ou mobiliario doutros expositores ou na escenografía xeral do ***Mercado***.

4.Requisitos dos solicitantes

4.1 Poderán presentar solicitudes os comerciantes, artesáns e produtores con capacidade para exhibir e vender pezas, produtos, creacións ou elaboracións de carácter navideño.

4.2 Establécense como categorías preferentes ou prioritarias as seguintes:

- produtos, pezas e colecciónes de decoración navideña: iluminación, guirnaldas, bolas e adornos para a árbore, abetos, coroas, centros, plantas e outras tipoloxías de ornamentación natural ou artificial, Beléns, figuras, material e complementos para o Belén, papelería, postais de felicitación, tarxetas, papel, etiquetas adhesivas, cintas e lazos de agasallo, calendarios de aninovo e advento, cerería e complementos, bolas de neve artificial etc.

-repostaría e doces de Nadal: turróns, polvoróns, roscas, mazapáns, pastas, galletas, chocolates, bastóns de caramelo, piruletas, etc.

-froitos secos, escarchados e semellantes

-obxectos de menaxe para as festas: mantelería, cubertería, vaixelas, cerámica, panos, etc.

-outros produtos habituais do Nadal tales como esencias, inciensos e produtos de aromaterapia, xabróns, instrumentos musicais, xoguetes de elaboración artesanal, caixas de música, licores, viños, escumosos, cotillóns, etc.

-outros produtos artesanais

4.3 Poderán solicitar participar no ***Mercado da Quintana*** aquelas persoas que, ademais de cumprir os requisitos de participación, estean dados de alta no réxime de autónomos (ou réxime correspondente) e na actividade que lle corresponda; condición que deben acreditar mediante o envío da documentación pertinente ao mail: veydile@veydile.com no momento da súa preinscrición. A documentación requerida é a seguinte:

- Copia DNI ou C.I.F.
- Copia da última cota pagada do réxime de autónomos ou correspondente
- Certificado de epígrafes do I.A.E no apartado correspondente
- Para novos artesáns e creadores: solicitude de alta nos epígrafes do I.A.E. correspondentes ou documento que acredite a data de comezo da actividade.
- Carta de artesán de ser o caso
- Rexistro sanitario, para os expositores de produtos agroalimentarios e/ou enogastronómicos
- Copia do seguro de Responsabilidade Civil

4.4 Cada expositor será responsable de que as súas vendas, produtos e situación laboral /fiscal cumpran co marco legal vixente.

4.5 Nos postos asignados expoñeranse só pezas das marcas seleccionadas, non pudendo traspasarse a titularidade do posto, compartilo ou prestar o espazo ou parte del a outros expositores sen o consentimento da Organización.

4.6 A Organización terá a facultade de solicitar a un determinado expositor que abandone o ***Mercado da Quintana***, e a de retirar total ou parcialmente as súas pezas no caso de que o expositor ou a súa colección non reúna ou respecte os requisitos, condicións e condicionantes das bases de participación, ou ben se este non colabora á hora de favorecer o agradable desenvolvemento do evento para visitantes, compañeiros expositores e membros da Organización.

4.7 Cada creador deberá atender persoalmente o seu posto, ou informar (a través de mail a veydile@veydile.com dos datos da persoa designada por el para acompañalo e/ou sustituilo antes do 10 de decembro.

4.8 Si se cumpren estes requisitos, e unha vez lidas e aceptadas as presentes bases de participación, pódese facer a preinscrición co envío do formulario online que se atopa neste **FORMULARIO DE PREINSCRICIÓN** establecéndose como **data límite para a recepción de solicitudes toda a xornada do luns 24 de novembro do 2014 ata as 00h.**

4.9 Os expositores poderán solicitar toda a información que precisen para valorar a súa participación no ***Mercado da Quintana*** no seguinte contacto: veydile@veydile.com. Teléfonos: 649 610 692; 606 955 797.

5. Desenvolvemento do *Mercado da Quintana*

5.1 Establécense bloques de días a elixir para a ocupación duns dos espazos expositivos e de venda. Estes bloques serán de **5 días** e o expositor poderá inscribirse en todos eles, (25 días), ou ben nun (5 días), ou varios bloques (10 – 15 – 20 días). Desta forma o expositor sinalará no formulario de preinscrición a súa petición de bloques de días en función da súa dispoñibilidade e apetencia, non pudendo participar días soltos ou fins de semana exclusivamente.

5.2 De non respectar os expositores esta premisa, e ausentarse do seu posto nun dos días previstos para a súa ocupación, a Organización terá a facultade de cancelar a participación do expositor e ocupar o seu posto cun expositor da lista de agarda, non devolvendo a fianza ingresada como reserva de espazo.

5.3 Os bloques de días distribúense da seguinte maneira:
Bloque 1: do venres 12 ao martes 16 de decembro (ambos incluídos)
Bloque 2: do mércores 17 ao domingo 21 de decembro (ambos incluídos)
Bloque 3: do luns 22 ao venres 26 de decembro (ambos incluídos)
Bloque 4: do sábado 27 ao mércores 31 de decembro (ambos incluídos)
Bloque 5: do xoves 1 de xaneiro ao luns 5 de xaneiro (ambos incluídos)

5.4 Cada expositor contará cun espazo construído para a ocasión cuberto das inclemencias do tempo e ao resgardo da chuvia, de 3m. x 2m. no que se incluirá un mostrador e baldas para a exposición e venda dos seus produtos, así como un cartel identificativo co nome da súa marca ou empresa.

5.5 A distribución dos expositores escollidos nos quince espazos destinados á exposición e venda farase por parte da Organización atendendo a distintos factores como a tipoloxía dos produtos, etc.

5.4 No caso de ter algunha necesidade específica de cara á exposición, os expositores desglosaráno no formulario de preinscición e informarán oportunamente á Organización (a través de mail a veydile@veydile), que revisará estas peticións e intentará favorecelas na medida do posible, reservándose o dereito de aceptalas e posibilitalas, ou de recomendar outras opcións de cara ao idóneo desenvolvemento do ***Mercado da Quintana***.

5.5 A distribución de pezas e produtos nos postos deberá realizarse de xeito estético, orixinal, limpo, ordenado e cun toque navideño na decoración, seguindo a liña e espírito do evento.

5.4 A Organización deseñará material promocional que será distribuído entre os visitantes e expositores no propio ***Mercado da Quintana*** e durante as semanas previas a pé de rúa, en locais e centros comerciais, bares, restaurantes, pubs, edificios administrativos, concertos etc. para fomentar a participación da cidadanía.

6. Presencia no Mercado da Quintana

6.1 Os expositores seleccionados para participar no ***Mercado da Quintana*** deberán asistir no/s bloque/s de días elixido/s, durante todo o horario de apertura do Mercado, non pudendo participar días soltos ou medias xornadas ou só fins de semana.

6.2 Os expositores deberán atender estritamente aos horarios de apertura e peche do ***Mercado da Quintana***, así como aos horarios de montaxe e desmontaxe dos postos, que a Organización confirmará no seu momento.

6.3 Os expositores encargaranse de atender o seu propio stand (xa sexa o artesán/ comerciante persoalmente, ou unha persoa designada por el/ela para quedar ao cargo) e informarán dos nomes e apelidos das persoas delegadas.

6.4 A Organización non se fará responsable de posibles danos ou desperfectos causados polos expositores ao seu propio material ou posto, ao material ou posto doutros expositores, ao mobiliario ou infraestruturas do ***Mercado*** ou da propia praza da Quintana, tendo o

responsable que abonar os desperfectos, no caso de que así se produciran, segundo o custo que chegado o caso se determine.

6.5 Os expositores seleccionados son responsables do seu espazo, material, produtos, pezas, e de atender o posto que lles foi asignado. Se desatenderan o seu posto será baixo a súa propia responsabilidade, non facéndose cargo a Organización de calquera falta, roubo, desperfecto ou dano nas pertenzas dos propios expositores e acompañantes/ persoas delegadas.

6.6 As caixas, bolsas ou maletas que utilicen os expositores para o transporte dos produtos ou prendas a expoñer e vender ata os espazos asignados, quedarán gardadas nun lugar non visible para o público visitante a determinar polo expositor, de forma que se favoreza a orde e estética do evento.

7. Promoción, difusión e espírito de colaboración

7.1 Para unha correcta promoción do traballo dos expositores seleccionados a través das redes sociais, e os medios dixitais e convencionais, os expositores seleccionados enviarán á Organización tres fotografías das súas pezas ou produtos máis representativos **antes do 26 de novembro**.

7.2 O ***Mercado da Quintana*** fará difusión e publicidade do evento, dos seus participantes, das súas actividades e programación durante as semanas previas ao evento.

7.3 A Organización proverá aos participantes finalmente seleccionados de *bolsas de compras* coa imaxe do ***Mercado da Quintana*** para as compras que os clientes fagan no seu posto.

7.4 O expositor autoriza a captación de material gráfico e audiovisual dos seus produtos e pezas durante a celebración do ***Mercado da Quintana***, así como de si mesmo antes e durante o evento, e cede os dereitos de imaxe de todo o material gráfico e audiovisual que se realice coa fin de promocionar a iniciativa.

7.5 Os expositores participantes comprométense a participar e colaborar cordial e activamente no desenvolvemento de cada unha das accións do ***Mercado da Quintana***.

7.6 A participación no ***Mercado da Quintana*** implica a aceptación íntegra das presentes bases e das decisións que adopte a Organización na súa interpretación, e naqueles aspectos non

previstos que poidan xurdir antes, durante e despois do evento comprometéndose a adaptarse a posibles cambios sobrevidos.